

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

| Código   | Centro                             | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|----------|---------------|
| 15011336 | CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao | Ordes    | 2022/2023     |

### Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Relixión Católica           | 6º Inf. | 1                | 35             |

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 13            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 13            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 13            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 14            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 14            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 15            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 16            |
| 9. Outros apartados   | 16            |

## 1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo. Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

CEIP A.D.R. Castelao de Ordes

### CONTEXTUALIZACIÓN

Situación xeográfica e social do concello no que se ubica o centro:

Dende o punto de vista xeográfico, o centro educativo no que se encadra esta programación localízase nunha zona do interior da provincia de A Coruña. O concello está integrado nunha ampla comarca formada por un considerable número de municipios caracterizados topograficamente polo predominio das planicies e pequenas elevacións, sucadas por numerosos cursos fluviaís.

Nel predominou tradicionalmente a agricultura e a gandeiría, actividades que contaron cun peso considerable nos ingresos do municipio ata a década recente nas que a actividade agraria deu paso a un considerable despegue do sector servizos. En relación con isto, o nivel socio-económico da poboación é medio, nalgúns casos medio-baixo.

O centro e as súas características, ubicación

O centro ao que nos estamos a referir é un dos dous colexios de educación infantil e primaria (CEIP) que existen no núcleo de ordes. A poboación é atravesada pola estrada 550 ao longo da cal flúen as edificacións. Entre os servizos dos que dispón o núcleo urbano, atópase o centro médico, polideportivo, unha piscina cuberta, un centro sociocultural dotado de biblioteca pública... Ademais, existen numerosos locais comerciais que fan de Ordes un núcleo mercantil de referencia na comarca.

Traxectoria educativa

Na actualidade, este é un colexio de educación infantil e primaria de titularidade pública que escolariza ao redor de 570 alumnos e alumnas de ámbalas dúas etapas. Está composto por 26 unidades de dúas e tres liñas: 8 en Educación Infantil para os tres niveis educativos do segundo ciclo desta etapa, e 17 unidades de Educación Primaria.

Instalacións do colexio

O espazo que acolle o centro ao que nos estamos a referir consta de 3 edificios: dous deles albergan ao alumnado de educación Infantil e o edificio principal aloxa ao alumnado de educación Primaria, a Biblioteca, o comedor, as aulas das especialidades de música e inglés, así como a sala de mestres, a conserxería e dirección.

O centro conta cun pavillón polideportivo e un ximnasio, pero non con patio cuberto polo que os días de choiva o alumnado debe permanecer nas aulas durante o recreo.

O patio consta de tres zonas: unha para o alumnado de educación infantil, outra parte dianteira para o alumnado do primeiro ciclo de EP e a parte traseira abarca o patio do 2º e 3º ciclo de EP.

A Xornada escolar

O colexio ten establecida a xornada única dende as 9:00 ata as 14:00.

O ALUMNADO

Características do alumnado do centro

Procedencia

O alumnado escolarizado no centro procede do núcleo urbán, das zonas rurais do concello e do municipio colindante polo que é necesario o uso do transporte escolar.

Nivel de ocupación profesional das familias

Parte da poboación dedícase ao sector primario e á industria téxtil. Na industria tamén destaca a construción. O sector terciario concéntrase na capital do concello e destacan empresas de comercio ao por maior.

Situación sociolingüística

O galego é a lingua predominante na que foron socializados os nenos e nenas e a que usan con maior asiduidade na vida cotiá. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 40 e o 50 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. A estrutura física do colexio ( ten catro andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 3 anos e reduce de xeito significativo a duración das sesións.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases das dúas liñas deste nivel.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1   |    |      | 1  | 1     |    |    |      |
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.                                  |     |    |      |    | 1     | 1  |    |      |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.                |     |    |      |    |       | 1  | 1  |      |
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.   |     |    |      |    |       |    | 1  | 1    |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | 1   |    |      |    |       | 1  |    |      |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.  | 1   |    |      |    |       |    |    | 1    |

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                        | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Que bonito é o mundo          |            | 6          | X        |          |          |
| 2  | Xesús nace nos nosos corazóns |            | 8          | X        |          |          |
| 3  | Xesús quéreme e cóidame       |            | 5          |          | X        |          |
| 4  | Chega a Semana Santa          |            | 6          |          | X        |          |
| 5  | A Virxe María e as tradicións |            | 5          |          |          | X        |
| 6  | A comunidade dos cristiáns    |            | 5          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | Que bonito é o mundo | 6        |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|                         |                        |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.                                 | É autónomo para facer algunha atcividades cotiás básicas.     | TI |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando productos artísiticos.                    |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.</li> <li>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                  | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 2  | Xesús nace nos nosos corazóns | 8        |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.   | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola                                    | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.                              | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo ( pintura, escultura, arquitectura...) |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas   |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas   |    |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                 | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús.   |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.</li> <li>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.</li> </ul> |

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 3  | Xesús quéreme e cóidame | 5        |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.  | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor                      | TI |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións          |    |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica |    |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.  | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.                             |    |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade  | Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.                         |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas.   |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir  | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas                        |    |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.  | Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.                                |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> </ul> |



| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 4  | Chega a Semana Santa | 6        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.             | Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa                         | TI |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.  | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.   |    |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.                              | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...) |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas  |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas  |    |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                 | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús   |    |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.  | Respecta ás diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús   |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.</li> <li>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A oración de Xesús.</li> <li>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                  | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 5  | A Virxe María e as tradicións | 5        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiás, mostrando respecto e aprecio.   | É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...)       | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.                             | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...) |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.  | Disfruta elaborando producións artísticas.   |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> <li>- A figura da Virxe María.</li> </ul> |

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 6  | A comunidade dos cristiáns | 5        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.  | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.                        | TI |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas (pintura, escultura e arquitectura...)     |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas                        |    |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.                | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas                                     |    |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo               |    |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.  | Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús                                 |    |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.  | Respecta as diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús                       |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> </ul> |

## Contidos

- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Biblia infantil   |
| Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...) |
| Xogos   |
| Fichas impresas   |
| Mandalas  |
| Materiais audiovisuais  |
| Murais  |
| Imaxes de cadros, esculturas ou edificios relacionados co cristianismo.   |

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático. Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

### Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a paz                 |      | X    | X    |      |      |      |
| ET.2 - Educación para a igualdade de xénero | X    |      | X    |      | X    |      |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Educación para a saúde                         | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía | X    |      |      |      |      |      |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable           | X    |      |      |      |      | X    |
| ET.6 - Educación para a solidariedade                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                   | Descrición   |
|------------------------------|--|
| A nosa pequena creación      | Visitaremos a horta escolar alomenos tres veces durante o curso, unha cando as prantas están recién prantadas , outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados. |
| A foto solidaria             | Faremos fotos en distintos espazos do colexio que logo se exporán como aportación aos proxectos solidarios que se fagan no colexio.  |
| Día da Paz                   | O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.                                    |
| Día das familias acolledoras | Oa das familias acolledoras (31 de maio) participaremos nun contacontos sobre esta medida de protección do menor.  |
| Cooperación con outro centro | A nivel de correspondencia entre os alumnos do mesmo nivel   |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.   |
| Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.   |
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.   |
| Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.   |
| Adapto as actividades a diversidade da aula.   |
| Potencio a participación dos alumnos na aula.  |
| Vínculo o aprendizaxe ca vida real.  |
| Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento. |

Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.

Fomento a autoavaliación e a coavaliación.

Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.

Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

### Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. A estrutura física do colexio ( ten catro andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 3 anos e reduce de xeito significativo a duración das sesións.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases das dúas liñas deste nivel.

## 9. Outros apartados